

REQUIRIMENTO DA DOCUMENTACIÓN PREVISTA NO CONCURSO-OPOSICIÓN, CONVOCADO POLA RESOLUCIÓN DO 15 de DECEMBRO de 2022 PARA A CATEGORÍA TÉCNICO/A EN COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMERÍA

A base 10.4 da resolución da convocatoria do concurso-oposición para o ingreso na categoría de técnico/a en coidados auxiliares de enfermería, convocado mediante a Resolución do 15 de decembro de 2022 (DOG núm. 3 do 4 de xaneiro) establece que, co fin de asegurar a cobertura das prazas convocadas, no suposto de situacións en que as persoas seleccionadas por diversos motivos non continúen no proceso, cubrirase a baixa coa persoa aspirante incluída inmediatamente a continuación na relación de seleccionadas, pola orde de prelación que resulte da lista definitiva, con independencia da quenda de acceso.

Polo tanto, procede REQUIRIR as persoas aspirantes que se relacionan no Anexo I deste documento para que **no prazo de 5 días hábiles**, presenten a documentación prevista na base 9.1 da convocatoria nun rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dirixida á Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde; Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela:

a) declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado/a do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera servizo de saúde ou Administración pública nos seis anos anteriores á convocatoria, nin estar inhabilitado/a con carácter firme para o exercicio de funcións públicas nin, de ser o caso, para a correspondente profesión.

No caso dos/das nacionais doutro Estado membro, non atoparse inhabilitado/a, por sanción ou pena, para o exercicio profesional ou para o acceso a funcións ou servizos públicos nun Estado membro, nin ser separado/a, por sanción disciplinaria, dalgunha das administracións ou servizos públicos nos seis anos anteriores á convocatoria.



b) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que o/a imposibiliten para o exercicio das funcións propias da categoría.

c) Por exixencia do artigo 57 da Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia, certificación do Rexistro Central de delincuentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos de non ter sido condena- do/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual ou, na súa falta, autorización escrita ao Servizo Galego de Saúde para consultar os datos contidos no citado rexistro e solicitar no seu nome a oportuna certificación. Esta autorización deberá prestarse no modelo que, para o efecto consta na páxina web do Servizo Galego de Saúde, na epígrafe relativo a emprego público (www.ser-gas.es/emprego público).

d) declaración baixo a súa responsabilidade de non ter a condición de persoal esta- tutario fixo da mesma especialidade á que opta.

Se dentro do prazo fixado as persoas aspirantes que se relacionan no anexo non presentase a documentación ou do exame dela se deducise que carece dalgún dos requisitos para participar no proceso selectivo, quedarán anuladas as súas actua- cións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solici- tude inicial. Neste caso, así como no caso de renuncia ou selección de destinos insu- ficientes se convocará a seguinte persoa aspirante pola orde de prelación da lista definitiva.

SEGUNDO.- Logo de finalizado o prazo previsto no punto anterior, se convocará ás persoas aspirantes para realizar a elección de destino, segundo o previsto nas ba- ses 9.9 e 10.4 da convocatoria.

As prazas adxudicáranse entre as persoas aspirantes seleccionadas neste procede- mento pola orde de puntuación acadada no concurso-oposición.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde

[sinatura dixital á marxe]

María del Mar Pousa Cobas





ANEXO I: Persoas aspirantes pola orde de prelación

Categoría	Posto	DNI	Apelidos e nome
TÉCNICO/A EN COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMARÍA	755	***1592**	PEREZ GRILLE, VERONICA

